

04

O último barco de Domingo Villar en francés: problemas e técnicas de tradución

M. Blanca Miranda Rodas
Universidade de Vigo

Resumo_ A narrativa de Villar caracterízase por unha trama planificada, personaxes perfilados psicolóxicamente a través dos diálogos e unha ambientación xeolocalizada en Galicia. Neste artigo abordamos os problemas tradutolóxicos que confrontamos á hora de traducir algúns capítulos de *O último barco* de Domingo Villar ao francés. Nel achéganse, ademais, aclaracións sobre as técnicas de tradución e a importancia dos referentes culturais. Así mesmo, analízanse as convencións textuais, as características léxico-semánticas do xénero e da obra, a variedade idiolectal dos seus personaxes, e as referencias socioculturais do texto de partida. Mediante a simulación dun proxecto de tradución, propóñense diferentes técnicas de tradución exemplificadas para cada un dos temas tratados, co obxectivo de xerar unha versión equiparable a outras obras deste xénero policial no sistema literario francés.

Palabras chave_ tradución *O último barco*; problemas tradución literaria; técnicas tradución; narrativa Domingo Villar.

Sumario_ 1. Introducción. 2. A tradución literaria e os problemas de tradución. 3. A importancia da análise dos aspectos intratextuais e extratextuais. 4. A transcendencia dos referentes culturais na tradución literaria. 5. Algunhas técnicas de tradución. 6. A tradución de *O último barco* de Domingo Villar. 6.1. A análise pretraslativa de *O último barco* de Domingo Villar. 6.1.1. Algúns aspectos extratextuais. 6.1.2. Algúns aspectos intratextuais. 6.2. Exemplos de problemas de tradución. 6.2.1. Problema lexicosemántico exemplificado: palabras polisémicas que encabezan os capítulos. 6.2.2. Problema lexicosemántico exemplificado: 'me cago en todo!'. 6.2.3. Problema lexicosemántico e sociocultural exemplificado: 'Carallo'. 6.2.4. Problema lexicosemántico e sociocultural exemplificado: 'vendima'. 6.2.5. Problema de convencións de escritura e sociocultural exemplificado: os antropónimos. 6.2.6. Problema sociocultural exemplificado: 'ría'. 6.2.7. Problema sociocultural exemplificado: 'Onda Vigo'. 6.2.8. Problema sociocultural exemplificado: 'batea'. 7. Conclusións. Agradecementos. Referencias bibliográficas.

***O último barco* by Domingo Villar translated into French: translation problems and techniques**

Abstract_ Villar's narrative is characterised by a planned plot and psychologically profiled characters through dialogues and a geo-localised setting in Galicia. In this article, we address the translation problems we faced when translating some chapters of *O último barco* by Domingo Villar into French. It also provides clarifications on translation techniques and examines the importance of cultural references. Thus, the textual conventions, the lexical-semantic characteristics of the genre and the work, the idiolectal variety of its characters, and the socio-cultural references of the source text are also analysed. The aim is to simulate a translation project, proposing different translation techniques exemplified for each of the subjects dealt with, to create a version comparable to other works of this genre in the French literary system.

Key word_ translation *O último barco*; literary translation problems; translation techniques; narrative Domingo Villar.

Content_ 1. Introduction. 2. Literary translation and translation problems. 3. The importance of The pre-translational analysis of intratextual and extratextual aspects. 4. The importance of cultural references in literary translation. 5. Translation techniques. 6. The translation of *O último barco* by Domingo Villar. 6.1. The pre-translational analysis of *O último barco* by Domingo Villar. 6.1.1. Some extratextual aspects. 6.1.2. Some intratextual aspects. 6.2. Examples of translation problems. 6.2.1. Exemplified lexicosemantic problem: polysemous words that head the chapters. 6.2.2. Exemplified lexicosemantic problem: 'Me cago en todo!' 6.2.3. Lexicosemantic and sociocultural problem exemplified: 'Carallo'. 6.2.4. Lexicosemantic and sociocultural problem exemplified: 'vendima'. 6.2.5. Problem of writing and sociocultural conventions exemplified: anthroponyms. 6.2.6. Exemplified sociocultural problem: 'ría'. 6.2.7. Exemplified socio-cultural problem: 'Onda Vigo'. 6.2.8. Exemplified sociocultural problem: 'batea'. 7. Conclusions. Thanks. Bibliographic references.

1.**Introdución**

A tradución literaria é un proceso complexo que implica abordar dificultades de diversa clase, máis aló das lingüísticas. O obxectivo debe ser obter unha obra literaria traducida que provoque as mesmas sensacións e as mesmas emocións que no/a lector/a da obra orixinal. Este propósito está na liña de Nida e Taber (1969) que consideran que a mellor tradución é a que nos fai esquecer que estamos lendo unha tradución. Nord (1997) tamén afirma que os textos traducidos posúen distintas funcións dependendo do propósito da tradución e salienta a importancia da análise dos factores intratextuais e extratextuais, de modo previo ao proceso de tradución, que se tratarán no punto 3 do presente artigo. Polo tanto, un/ha tradutor/a non só ten que facer intelixible a obra, senón que ten que transmitir a cultura, os coñecementos culturais e a mensaxe que o escritor, neste caso Domingo Villar, quere transmitir. Villar escribía en galego e autotraducía as súas obras ao castelán e, segundo Galanes (2023: 9), esa versión autotraducida é o punto de partida para as traducións a outros idiomas, en palabras do propio autor.

A novela negra *O último barco* desenvólvese en Vigo e na súa periferia, e nela figuran unha mancha de referencias culturais e lingüísticas propias da zona. Co obxectivo de propoñer algunhas técnicas de tradución dos referentes culturais galegos, deseñamos un proxecto de tradución fragmentaria desta obra desde a versión orixinal galega ao francés. Polo tanto, neste artigo, estudamos a complexidade da tradución dunha obra literaria e o problema da tradución dos aspectos culturais. Así mesmo, abordamos e analizamos os aspectos intratextuais e extratextuais do texto (Nord, 2012); as convencións textuais e as características lexicosemánticas do xénero e da obra; a variedade dialectal do autor e a idiolectal dos seus personaxes e as referencias socioculturais do texto de partida. Igualmente, propóñense distintas técnicas de tradución exemplificadas para cada unha das cuestións abordadas con adaptación ao público francófono.

2.**A tradución literaria e os problemas de tradución**

Nun mundo cada vez máis globalizado, os sistemas literarios vense impelidos a dar a coñecer o seu capital literario e, para saír das fronteiras xeográficas e lingüísticas, o/a tradutor/a xoga un papel fundamental na súa difusión. Para entender a relevancia da tradución na literatura e na cultura, Casanova (2001) analiza ese fenómeno como unha forma de acceso ao universo literario, ao permitir que as obras literarias se compartan e se gocen en diferentes idiomas e culturas. Así mesmo, e segundo Casanova (2001), a tradución é unha “literarización” e unha forma de recoñecemento para os/as autores/as e as súas obras en todo o mundo. Ademais, a tradución desde unha lingua “pouco ou nada recoñecida como literaria” permite ao texto acceder ao universo literario (Casanova, 2001: 180-181). Esta mesma autora considera que a literatura é un campo de poder que se constrúe a través da relación entre as literaturas nacionais e as transnacionais nun escenario en que as literaturas hexemónicas se impoñen e difunden, en ámbito internacional, as obras de autores dos países centrais, o que pode levar á marxinación das literaturas periféricas.

Heilbron e Sapiro (2008) engaden outra visión, ao avogaren por un enfoque máis equitativo e destacan o papel das redes transnacionais de escritores/as, tradutores/as e editores/as na promoción da diversidade cultural. Estes autores analizan as prácticas sociolóxicas da tradución e como a tradución se converte nun vector de intercambio cultural internacional, sendo utilizadas para transferir capital cultural a través das fronteiras.

Heilbron e Sapiro (2008) sosteñen que a tradución non só é un proceso lingüístico, senón tamén social e cultural, que desempeña un papel crucial na configuración da recepción de culturas estranxeiras. Por conseguinte, Casanova (2001), Heilbron e Sapiro (2008) afirman a tradución como unha práctica cultural que permite a circulación das obras literarias no mundo globalizado, converténdose así nunha ferramenta fundamental para a difusión da literatura e da cultura no mundo contemporáneo.

Pola súa parte, Hurtado (2017: 63) engade outras características da tradución e centra a súa atención nas competencias tanto lingüísticas como culturais da persoa que traduce. Indica que as actitudes do/a tradutor/a literario/a son distintas ás de quen realiza tradución xeral polas particularidades lingüístico-formais dos textos literarios, que conducen á sobrecarga estética. Ante esas peculiaridades ábrese un intenso debate nos estudos de tradución sobre as técnicas do/a tradutor/a. Neste mesmo sentido, Torre (1994: 41) apunta que “traducir significa poner en xogo una actividad netamente creativa” e, por iso, entraña dificultades e problemas maiores. Implica trasladar unha mensaxe, o estilo do autor, ideas, aspectos culturais presentes no texto (implícitos e explícitos) sen obviar a correcta comprensión no país destinatario. Torre (1994: 48) tamén afirma que “el objetivo de la traducción no es el de conservar a todo trance el exotismo del estilo extranjero, llevando al lector al lenguaje del autor, sino que, por el contrario, hay que amoldar al autor a las peculiaridades lingüísticas del lector”.

Por outra banda, Venuti (1994) propón dúas técnicas opostas para a tradución literaria: a domesticación e a estranxeirización. Venuti considera que a domesticación implica adaptar o texto de orixe á cultura de chegada, eliminando elementos culturais que poidan resultar estraños ou incomprensibles para o/a lector/a. Polo contrario, para o autor, a estranxeirización busca manter a “estrañeza” do texto de orixe, preservando elementos culturais e lingüísticos que poidan resultar desafiantes para o/a lector/a. Por tanto, Venuti (1994) argumenta que a estranxeirización pode axudar a promover a diversidade cultural e a loitar contra a des-historización dos textos estranxeiros, mentres que a domesticación pode chegar á discriminación étnica e á confrontación xeopolítica. Non obstante, esa dicotomía recibiu varias críticas como, por exemplo, a de Susan Bassnett (1999) que opta por darlle prioridade á fidelidade do texto de orixe en detrimento da lexibilidade e recepción do público lector. Así mesmo, Tymoczko e Gentzler (2002) dubidan do concepto de estranxeirización de Venuti e resaltan a importancia de considerar o contexto específico.

Por todo o anterior, resulta evidente que o/a tradutor/a terá que enfrontarse a un complexo proceso onde os problemas e as dificultades abundan no texto de partida. Para conseguir xerar un texto idiomático na lingua de chegada que respecte os contidos culturais do texto orixinal, é esencial coñecer, mediante a análise pretraslativa do texto, os problemas aos que o/a tradutor/a se enfrontará. As obras literarias presentan unha serie de características que é importante considerar polo efecto que poden ter na obra traducida. Hurtado (2017: 63) insiste na transcendencia da diversificación do tipo textual, campo temático, ton, modo, estilo dialéctico e idiolecto. Estas características levan a Nord (2009: 233) a diferenciar, no proceso de tradución, as dificultades dos problemas. As dificultades interrompen o proceso traslativo e teñen que ser superadas mediante ferramentas axeitadas, por exemplo para dar a equivalencia dun léxico complexo. Os problemas de tradución dependen dunha decisión do/a tradutor/a sobre un asunto complexo de solución múltiple. Co fin de achegar unha resposta é preciso activar a competencia tradutora para optar por unha ou outra solución, ambas igualmente válidas. Abundando nesta cuestión, Hurtado (2017: 288) engade que os problemas de tradución poden afectar tanto a microunidades como a macrounidades e propón as seguintes categorías:

- Problemas lingüísticos: relacionados co léxico e coa morfosintaxe.
- Problemas textuais: relacionados con cuestións de coherencia, progresión temática, cohesión, tipoloxías textuais e estilo.
- Problemas extralingüísticos: relacionados con cuestións temáticas e culturais.

- Problemas de intencionalidade: relacionados coa captación da información do texto de partida.
- Problemas pragmáticos: derivados da encomenda de tradución, das características do destinatario e do contexto no que se efectúa a tradución.

Ademais destas cuestións, resultan de interese para xustificar a nosa tradución, a nosa actitude ante os problemas de tradución e a reflexión sobre o proceso, as achegas dos Estudos culturais (xiro cultural ou *cultural turn* de Snell-Hornby, 1990) xurdidos no seo dos Estudos de Tradución. O xiro cultural redefiniu a forma de entender a práctica da tradución e provocou un cambio na forma de abordala, afastada de enfoques puramente lingüísticos e cara a un enfoque máis interdisciplinario que teña en conta os contextos culturais e sociais nos que se produce. Así, Bassnett e Lefevere (1990: 8) afirman que “nin a palabra nin o texto son a ‘unidade’ operacional da tradución, senón a cultura”. Este “xiro cultural” foi obxecto de debates e críticas (Venuti, 1994) que se centran en cuestións como o papel do/a tradutor/a como mediador cultural, a ética da tradución e o impacto da tradución na construción e difusión do coñecemento cultural. Estas cuestións aplicadas á nosa propia práctica tradutora enfróntannos ao tratamento das cuestións culturais. Consideramos que o “xiro cultural” achega innovacións nos estudos da tradución e deu lugar a novos enfoques que teñen en conta os contextos culturais e sociais e, en consecuencia, faise necesaria no proceso de tradución unha análise do texto orixinal e do texto traducido en cadanseu contexto ideolóxico, político e cultural.

Dada a importancia dese concepto, neste artigo centramos a nosa atención nunha das características dos textos literarios e a súa tradución: a plasmación da cultura de partida e a multitude de referencias culturais no texto meta. Este asunto, ao noso ver central, orixina problemas extralingüísticos que un/a tradutor/a literario/a non pode obviar pola importancia que teñen tamén na recepción dun texto traducido auténtico na lingua e no sistema literario meta.

3.

A importancia da análise dos aspectos intratextuais e extratextuais

A análise do texto orixinal realizada previamente ao proceso de tradución (análise pretraslativa) móstrase crucial e determinante para lograr o obxectivo proposto. Existen varias teorías a ese respecto mais centrámonos nas de principio funcionalista, por seren a base da Teoría de Nord, acaída á nosa análise e que desenvolvemos a seguir.

No marco do funcionalismo nos Estudos de Tradución, Reiss (1971) foi a primeira en indicar que o propósito do texto de partida debe ser semellante á forma lingüística e á actividade comunicativa do texto traducido. Salienta así a importancia non só no texto orixinal, senón tamén nos receptores do texto, converténdose nun factor decisivo. Posteriormente, a Teoría do *Skopos* (Vermeer, 1978) establece que a análise previa do texto debe enfocarse na finalidade ou o propósito da tradución e nas expectativas do receptor (Molina, 2006: 45). Iso implica que a tradución debe guiarse polo propósito e polas necesidades comunicativas dos usuarios finais, coa conseguinte adaptación ao contexto e ás convencións culturais pertinentes.

As posteriores achegas de Nord ao modelo funcionalista consisten no recoñecemento de factores extratextuais e intratextuais na tradución, así como en equilibrar a importancia de texto orixinal e texto traducido, ao ter en conta tamén o texto de orixe e a súa función comunicativa intercultural (Nord, 2012: 49) no proceso de tradución. Nord céntrase na función e no propósito da tradución, en contraposición ao enfoque da fidelidade do texto fonte. Un dos principios fundamentais de Nord é a teoría de *Skopos* (propósito-obxectivo) na que o/a tradutor/a ten que ter en conta o propósito e o contexto da tradución no momento da elección das técnicas máis eficaces e axeitadas. Nord recoñece a importancia das normas culturais, tanto no texto orixinal como no

texto meta, e os/as lectores/as son determinantes xa que o/a tradutor/a terá en conta as súas expectativas e necesidades. Por unha banda, o/a tradutor/a terá que informarse sobre o emisor ou redactor, a intención emisora, o destinatario, o medio transmisor, o lugar, tempo e motivo do texto e todas as anteriores informacións achegarán datos sobre a función textual. Por outra banda, investigará sobre a temática, o contido, a información presuposta, a composición ou macroestrutura, os elementos non verbais que acompañan o texto, as características do léxico, sintaxe, prosodia e entoación (Nord, 2012: 49-50). Dado que esta análise pretraslativa considera os aspectos culturais, sociais e pragmáticos do texto de partida e do traducido, estes aspectos tórnanse fundamentais para lograr, ao noso ver, unha tradución adecuada.

4.

A transcendencia dos referentes culturais na tradución

Como indicamos anteriormente, alén das competencias lingüísticas no idioma de partida e de chegada, o/a tradutor/a debe posuír coñecementos de ambas as dúas culturas para situar a obra sociolingüística e socio-culturalmente, pois, como indica Hurtado (2017: 523) citando a Nida (1975a: 66), “Quienes traducen de una lengua a otra deberían ser conscientes en todo momento de las diferencias culturales que refleja cada lengua”. Isto condúcenos á consideración dos referentes culturais da tradución. Pedersen (2011:43) entende o concepto de referente cultural como unha característica extralingüística que incluso os/as lectores/as meta poderían descoñecer, a pesar de seren usuarios/as e axentes activos da lingua de chegada:

Extralinguistic Cultural Reference (ECR) is defined as reference that is attempted by means of any cultural linguistic expression, which refers to an extralinguistic entity or process. The referent of the said expression may prototypically be assumed to be identifiable to a relevant audience as this referent is within the encyclopaedic knowledge of this audience. In other words, ECRs are references to places, people, institutions, customs, food etc. that you may not know even if you know the language in question.

Do mesmo modo, Carbonell (2017: 143) sinala que, na actualidade, a prioridade se focaliza no acto comunicativo pola función que terá o texto na cultura e no sistema literario destinatario. Subliñamos que todos os elementos culturais presentes nunha obra se denominan ‘culturemas’, os cales Molina (2006) define deste xeito:

[...] entendemos por culturema un elemento verbal o paraverbal que posee una carga cultural específica en una cultura y que al entrar en contacto con otra cultura a través de la traducción puede provocar un problema de índole cultural entre los textos de origen y meta (Molina, 2006: 79).

Nedergaard-Larsen (1993: 210-211), citado en Bakkali Hassani (2015: 40), elabora unha distinción entre os referentes culturais intralingüísticos e os extralingüísticos e clasifica estes últimos, nos que centramos o noso interese (figura 2, apartado 6). A pesar de ser unha clasificación concibida para a subtitulación, de todas as consultadas (Lorés, 1992; Newmark, 1988; Schwarz, 2003), consideramos esta a máis pormenorizada e, polo tanto, a máis acaída ás nosas necesidades, xa que formula un grande volume de referentes culturais aplicables tamén, ao noso ver, ao proceso de tradución literaria. Agora ben, faise necesario complementar esa clasificación cun novo apartado: os nomes propios (en adiante NP). Estes adquiren unha importancia relevante por tratarse dunha escolla do escritor pola carga ao seu referente. Acudimos á clasificación de Franco Aixelá (2000: 122) que cataloga os NP segundo a súa natureza, é dicir, entre os convencionais (non existe alusión ao referente) e os expresivos (existe unha alusión directa ao referente). Así pois, Nord (2002:17) apoia a importancia dos NP (antropónimos, topónimos, realidades culturais e produtos comerciais) e a diversidade de procedementos na súa tradución.

5.

Algunhas técnicas de tradución

Para axudar ao/á lector/a a esclarecer a noción de técnica de tradución, apoiámonos na proposta de Hurtado (2017: 256) que incide na cuestión e establece unha clara diferenza entre método, estratexia e técnica. Hurtado (2017) adianta que “el método [...] recorre todo el texto y [...] afecta al proceso y al resultado”. Mentres que “la técnica afecta solo al resultado y a unidades menores del texto”. No tocante ás estratexias, “pueden ser no verbales y que se utilizan en todas las fases del proceso traductor para resolver los problemas encontrados”, no que concorda Molina (2006: 100). Polo tanto, o termo que usamos aquí é o de ‘técnica’ porque é a que se manifesta “unicamente na reformulación nunha fase final de toma de decisións”.

Molina (2006: 101-103), despois de realizar unha revisión crítica das clasificacións teóricas dos procedementos técnicos de tradución, propón unhas técnicas e consignamos aquí as que utilizamos na nosa análise:

Técnicas de tradución	
Adaptación	Mudar o elemento cultural por outro da cultura destinataria. Exemplo: <i>baseball</i> por ‘fútbol’
Amplificación	Incluír precisións que non existen no texto de partida. Tamén as notas ao pé de páxina. Exemplo: ‘Ramadán, o mes de xaxún para os musulmáns’
Equivalente acuñado	Utilizar un termo ou expresión recoñecida como equivalente na lingua destinataria. Exemplo: traducir <i>They are as like as two peas</i> e ‘Son coma dúas gotas de auga’
Préstamo	Integrar unha palabra ou expresión doutra lingua sen modificala. Pode ser puro (ningún cambio). Exemplo: utilizar o termo inglés <i>lobby</i> ; ou pode ser naturalizado (adaptado á grafía da lingua meta). Exemplo: gol, fútbol, líder
Substitución	Cambiar elementos lingüísticos por paralingüísticos ou viceversa. Exemplo: traducir o xesto árabe de levar a man ao corazón por ‘grazas’
Xeneralización	Utilizar un termo máis xeral ou neutro. Exemplo: traducir <i>bière pression</i> en <i>Une pression, s’il vous plaît</i> por ‘cervexa’: unha cervexa, por favor

Figura 1: Técnicas de tradución. Tirado de Molina (2006).

Igualmente, unha das técnicas ás que pode recorrer o/a tradutor/a é a nota ao pé de páxina ou nota do/a tradutor/a (N. do/a T.), considerada unha amplificación e que utiliza Dominique Lepreux, tradutora do único libro de Domingo Villar traducido e editado en francés (Villar, 2011). Toledano (2010: 639) estima que as notas do/a tradutor/a son paratextos e “son espacios en los que el traductor emerge con el fin de anotar y mediatizar el texto sin la cobertura de su habitual invisibilidad y que de alguna manera interrumpen el fluir de la lectura”. Igualmente, Valverde (2017: 182) reflexiona que:

[...] por esta razón, las directrices generales de la traducción de la literatura, según María Antonia Álvarez³, indican que no deberían existir elementos que lleguen a distraer la atención del texto. Por lo tanto, la tendencia de quien traduce es seguir esas recomendaciones, sin acudir a anotaciones o notas a pie de página como estrategia para aclarar o explicar. y en su lugar, emplea otros mecanismos para conseguir ese fin [sic].

Calquera que sexa a consideración sobre as notas do/a tradutor/a, decidimos incluíla neste apartado por ser un recurso utilizado na tradución literaria en xeral.

6.

A tradución de *O último barco* de Domingo Villar ao francés

Simulamos unha encomenda de tradución da editorial francesa Les éditions LIANA LEVI que publicou a segunda novela (*A praia dos afogados*, 2009) de Villar en 2011 co título *La plage des noyés*, traducida por Dominique Lepreux¹. Para isto, levouse a cabo esta encarga baixo os parámetros dunha tradución profesional, que requiren que a persoa que traduce desenvolva a competencia lingüística, a competencia cultural, a competencia documental, a competencia de análise e a resolución de problemas. Trátase, polo tanto, do 'saber-facer' que define Hurtado (2017: 25).

A nosa simulación consiste na tradución do galego ao francés de oito capítulos da novela *O último barco* de Villar (2019) que detallamos a continuación:

- páx. 9-10: "Niño"
- páx. 11-13: "Preludio"
- páx. 33-38: "Abater"
- páx. 69-74: "Cómplice"
- páx. 87-90: "Nave"
- páx. 363-369: "Trastorno"
- páx. 406-411: "Farol"
- páx. 457-461: "Escaparate"

Eliximos esta obra pola cantidade de referentes culturais e seleccionamos estes capítulos por estaren inzados de culturemas. Ofrecemos a seguir a clasificación de culturemas de Molina (2006), seguindo a clasificación de Nedergaard-Larsen (1993), aplicada ao noso corpus de tradución. A esa clasificación engadimos o apartado dos NP (figura 2).

Para resolver os problemas, o/a tradutor/a sempre ten que investigar previamente as citadas referencias. Para os nomes de montes, monumentos, países, rexións, cidades, rúas, etc., verificouse se a equivalencia está acuñada na lingua traducida, sempre documentándonos en dicionarios de NP, no caso dos personaxes históricos (*Le petit robert des noms propres*), en páxinas oficiais, no caso dos topónimos (Xunta de Galicia, *Code de rédaction interinstitutionnel*), etc. Para as expresións en latín e o referente francés de 'vendima', buscamos nos dicionarios de terminoloxía especializada (*La France Pittoresque*, GIRTraduvino). Se consideramos que o termo é intraducible, aplicamos as técnicas de tradución citadas para que o/a lector/a poida entender a mensaxe do texto de partida. De forma xeral, as técnicas que usamos foron a adaptación ('vendima', as palabras polisémicas), a amplificación ('Onda Vigo', 'ría'), o calco (os antropónimos), a equivalencia ('carallo'), o préstamo naturalizado (os antropónimos), a substitución e variación ('me cago en todo!'), a xeneralización ('batea').

¹ O 15/02/2022, contactamos coa tradutora para coñecer o motivo dalgunhas das técnicas elixidas para a tradución.

Categoría de culturema	Tipo de culturema	Exemplos de <i>O último barco</i>
Condicions xeográficas	Montañas, ríos, tempo, clima, flora, fauna	O monte da Guía, a enseada de San Simón, a península do Morrazo, a praia do Con, o coro de gaivotas, a praia da Videira
	Rexións, cidades, rúas, avenidas, etc.	A ría, a batea
Condicions históricas	Monumentos, castelos, etc.	Ponte de Rande, coma un anfiteatro orientado ao mediodía
	Personaxes históricos	Napoleón, Timur, Léo Ferré, Dave Robicheaux, Séneca, Cicerón
Condicions de sociedade	Grupos, subculturas, condicións de vida, problemas	Cagámola, non estou para leiras, me cago en todo, carallo, é igual, un día bonito: para pasear non debe ser feo, Iso é o Lazareto: é, vostede vive alí?: vivo, lévoos por diante, onde raio estás?, todas as frases en latín, boa tarde
	Tipo de vivenda, transporte, alimentos, comidas, roupa, utensilios, relacións familiares	Traxe de baño verde mar, café negro, a vendima
Condicions culturais	Colexios, academias, formación profesional, exames	Escola de Artes e oficios
	Televisión, radio, periódicos, revistas	Onda Vigo, <i>A sentinela</i>
	Museos, obras de arte, literatura, escritores, teatros, cines, actores, músicos, ídolos, restaurantes, hoteis, discotecas, cafeterías, deporte, deportistas	A terraza do Marusía
Nomes propios	Antropónimos	Mónica e Víctor Andrade, Leo Caldas, Rafael Estévez, Santiago Losada, O Caimán, Alba, Carme Freitas, Medusa, Andrés o Vaporoso, Rosalía Cruz, Walter Cope, Isabel Flores, Guzmán Barrio, Camilo Cruz, Antonio Lemos, Clara Barcia

Figura 2: Clasificación dalgúns referentes culturais de *O último barco* segundo a clasificación de Nedergaard-Larsen (1993: 210-211), tirado de Bakkali (2015: 40) e traducido ao galego

6.1. A análise pretraslativa de *O último barco* de Domingo Villar

No noso proxecto, realizamos de modo previo á tradución, e seguindo as indicacións de Nord (2012), unha análise pretraslativa artellada en dúas partes. Por unha banda, analízanse os aspectos extratextuais relacionados co texto de partida que ofrecen información sobre o contexto de escrita da obra. Por outra banda, trátanse os aspectos intratextuais, entendidos como factores relacionados coa forma e o contido e cos que se pretende explicar como se escribiu o texto.

6.1.1. Algúns aspectos extratextuais

Título: *O último barco*: o título non nos achega indicacións sobre a trama nin sobre o que lle espera ao/á lector/a, a pesar de intuír que a imaxe dun barco, que pode referirse ao obxecto ou a unha última oportunidade, é relevante.

O autor: Domingo Villar, nado en Vigo e afincado en Madrid, é o autor de *Ollos de auga* (2006), *A praia dos afogados* (2009) e *O último barco* (2019) protagonizadas polo comisario de policía Leo Caldas e o seu axudante Rafael Estévez. A saga foi seguida por *Algúns contos completos* (2021) e pola obra de teatro póstuma *Síbaris* (2023). Para documentarnos sobre o autor do orixinal pode acudirse a Galanes (2023), que indica que Villar escribía en galego e autotraduciase ao español, salvo na parte dos diálogos. Igualmente, afirma que o autor foi premiado en moitas ocasións, entre eles o Novelpol en dúas ocasións, o Antón Losada Diéguez, o Premio Syntagma, o Premio Brigada 21, o Frei Martín Sarmiento, o Libro do Ano da Federación de Libreiros de Galicia e o Premio Nacional Cultura Narrativa Viva. Tamén foi finalista dos Crime Thriller Awards e Dagger International no Reino Unido (considerados os premios de ficción policial máis prestixiosos de Europa), o premio Le Point du Polar Européen en Francia e o premio Martin Beck da Academia Sueca de Novela Criminal. Galanes (2023: 13) ofrece unha completa compilación das traducións internacionais da súa obra. De todas elas, *A praia dos afogados* é a única creación traducida ao francés co título *La plage des noyés* (2011), que tamén foi traducida ao alemán, catalán, checo, inglés, italiano, holandés, polaco, portugués, ruso e sueco, mentres que *Ollos de auga* foi traducida ao alemán, búlgaro, catalán, hebreo, inglés, italiano e sueco, ademais de contar coa versión fílmica *A praia dos afogados*. En canto a *O último barco*, a novela na que se centra este artigo, foi traducida, polo momento, ao catalán e ao italiano. Villar tamén colaborou no catálogo da exposición *Pedro Solveira, que pasou e o que está por vir* (2010), na antoloxía de ficción policial *Madrid Negro* (2016) e na tradución e redacción do prólogo de *Cosas de Castelao* (2021).

Editorial: A editorial Galaxia, fundada o 25 de xullo de 1950, con sede en Vigo, publica libros unicamente en lingua galega e ocupa un lugar central no sistema literario galego.

Campo: Literario, literatura negra, literatura policial, literatura de suspense. Ten unha etiqueta literaria propia denominada “novela negra viguesa” ou Vigo *Noir* (Núñez Sabarís 2020).

Receptores: O libro vai dirixido a lectores/as afeccionados/as á novela policial (ou negra) galega.

6.1.2. Algúns aspectos intratextuais

Resumo: *O último barco* é a terceira novela da saga policial de Villar onde aparecen o inspector Leo Caldas e o seu axudante Rafael Estévez, principais protagonistas dos anteriores traballos do autor. Trátase dunha historia na que se investiga a desaparición dunha muller adulta, Mónica Andrade, filla dun eminente cirurxián vigués, que denuncia a súa ausencia. Mónica vive en Tirán, unha pequena parroquia pesqueira situada na península do Morrazo, entre Moaña e Cangas, que pertence á ría de Vigo, en Galicia, onde se desenvolve a

trama, xunto a algúns escenarios vigueses coma o seu centro de traballo, a EMAO (Escola Municipal de Artes e Oficios), ou os escenarios cotiáns de traballo e lecer do comisario Leo Caldas.

Estrutura: A obra dispón de 150 capítulos curtos. Estes non están numerados e sempre están encabezados por unha palabra e a súa definición lexicográfica, algunhas tiradas do dicionario da Real Academia Galega (RAG) e outras creadas por Villar, e que presentan, todas elas, varias acepcións. Este é un elemento característico que figura nas tres obras de xénero negro que escribiu Villar (*Ollos de auga*, *A praia dos afogados* e *O último barco*). Na nosa opinión, trátase dunha ferramenta que o autor usa para representar as metáforas presentes en cada un dos capítulos da novela negra. Seguen a estes capítulos un apartado con “Algunhas aclaracións e moitos agradecementos” e un índice.

Intención do texto: As tres novelas da saga de xénero negro que escribiu Domingo Villar transcorren preto do mar, que é un elemento central e fundamental nelas. Cabe destacar a importancia do contexto social e cultural, posto que sempre sitúa a acción en Galicia, máis concretamente en Vigo, a súa cidade natal, e noutras localidades próximas, e dá así a coñecer Galicia a todo o mundo a través de detalladas descrições topográficas. Esta novela sitúa a trama en Moaña por tratarse dunha vila na que Villar pasou moitos momentos durante a súa infancia e adolescencia, na casa de José María Castroviejo, amigo dos seus pais².

A través do seu protagonista, Leo Caldas, o autor quere contaxiarlle ao/á lector/a o seu amor polo lugar onde naceu e, así, renderlle unha homenaxe. Caldas é un personaxe de ficción modelado á imaxe estereotipada dos galegos, é unha persoa tímida, melancólica, introvertida, solitaria, afable, leal e respectuosa, moi apegada á súa terra e amante da súa comarca e dos seus habitantes. Quere transmitir a súa paixón polas persoas que aman o mar e viven del, como mariscadores/as e mariñeiros/as. Ten moita retranca e un gran humor, que queda patente especialmente na interacción co seu axudante Rafael Estévez, procedente de Aragón, nos desencontros desa relación e nos enfados deste último. Mediante a obra, os diálogos entre ambos é o medio empregado para explorar e representar a realidade sociocultural de Galicia, xa que estes dous personaxes, de orixe diferente, representan distintas perspectivas. Os/as lectores/as galegos/as poden identificarse coa representación de Galicia na obra, pois os personaxes e as situacións reflicten aspectos cotiáns da vida galega, como a cultura, a gastronomía, a historia e as tradicións. Iso pode xerar unha conexión emocional entre os/as lectores/as ao sentírense identificados/as. Do mesmo modo, os estereotipos están moi presentes ao longo da obra: o papel central que ocupa a comida e bebida na tradición culinaria galega; o carácter melancólico e reservado; a conexión coa natureza e co mar (constante presenza dese elemento).

Nas novelas de Villar, a vítima e o culpable adquiren unha gran “humanidade” (Lema, 2019: 83), xeralmente ausente nos traballos policiais, xa que estes personaxes adoitan estar presentes só para o argumento da investigación. Por exemplo, se analizamos o personaxe da vítima, Mónica, podemos asegurarnos de que a súa personalidade non ten segredos para o/a lector/a, grazas á precisa descrición dela por parte dos seus amigos e familiares.

Intención da tradución: Mantense a intención do texto de partida, xa que se trata dun texto literario. Como xa se indicou, a segunda parte foi traducida ao francés, *La plage des noyés* (2011), e con este proxecto de tradución queremos seguir dando a coñecer este autor ao público francófono e, así mesmo, pretendemos contribuír á revalorización da figura do/a tradutor/a e á expansión da literatura galega.

2 Domingo Villar, comunicación persoal, 18 de xaneiro de 2022.

Característica textual: A trama é planificada, o estilo é pulcro, os personaxes están psicolóxicamente perfilados e caracterizados nuns trazos onde se aprecia a súa humanidade (Lema, 2019: 83) a través dos diálogos, que é un sinal característico dunha narrativa policial. O ambiente está xeolocalizado en Vigo, e dálle relevo a lugares con bagaxe cultural. Isto implica, na nosa opinión, que o autor desexaba contaxiar ao/á lector/a na paixón que tiña pola súa terra, polo tanto, o contexto social e cultural é moi importante. As descrições topográficas de Vigo e a súa bisbarra son moi detalladas e os elementos socioculturais están sempre presentes. Outra característica importante é a idiosincrasia dos galegos. No seu prólogo, López Silva describe a Villar como un mestre na caracterización dos seus personaxes, destacando a idiosincrasia particular de Caldas (Villar, 2023) representada mediante clixés que os caracteriza como “a indecisión, a ambigüidade, o costume de responder a unha pregunta con outra” (Rivero Grandoso, 2011a: 112).

Característica sociocultural: a través das súas novelas Villar creou un “sabor local” onde abundan os topónimos (Vigo, Moaña, Tirán), lugares (‘bar Elixio’), construcións célebres (‘Ponte de Rande’), monumentos (‘escultura do home peixe’, ‘estatua da ninfa e do dragón’) que poden ser visitados polo/a lector/a dando un paseo pola cidade. Igualmente, descubrimos cuestións relacionadas coa historia de Vigo grazas aos paneis situados por toda a cidade que mostraban edificios históricos e á narración da creación do emblemático edificio da Escola de Artes e Oficios. Así mesmo, o espazo rural adquire gran relevancia xa que parte da trama se desenvolve en Tirán, unha pequena parroquia galega. Ademais, describe moitos espazos naturais típicos galegos (praias, montañas, etc.) e detalla costumes vinculados á comarca (curandeiro de Cangas). A cultura gastronómica xoga un papel importante, sexa na viticultura ou na gastronomía, xa que sempre se mencionan pratos gastronómicos típicos da zona. Sen esquecer que a literatura galega está presente con referentes como José María Castroviejo.

6.2. Exemplos de problemas

Este apartado recolle algúns dos problemas que encaramos á hora de traducir a obra, as técnicas e estratexias empregadas e as solucións adoptadas para resolver esas dificultades. Presentamos os problemas con base nos criterios lexicosemánticos, convencións de escritura e socioculturais recollidos no modelo proposto por Nord (2012).

6.2.1. Problema lexicosemántico exemplificado: palabras polisémicas que encabezan os capítulos

Problema lexicosemántico: palabras polisémicas

Fragmento	Exemplo páx. 457 Escaparte. 1. Espazo cerrado con vidros, nas fachadas das rendas, onde se expoñen as mercancías. 2. Aparencia ostentosa de algo ou alguén.
Técnica	Esas palabras polisémicas son unha homenaxe ao dicionario, paleta coa que traballa o/a escritor/a. Por outra parte, son unha metáfora da novela policial na que un feito aparente pode ter solucións alternativas diversas. Villar sempre presenta máis dunha definición: unha moi concreta, que propón un xogo ao estar escondida nalgún lugar do capítulo e varias acepcións, un pouco máis abstractas e que titulan de verdade o capítulo.

	<p>A técnica utilizada en cada caso foi a adaptación. Para exemplificalo, explicamos o proceso de tradución do termo ‘escaparate’, debido á complexidade da palabra que posibilita dúas traducións ao francés: <i>devanture</i> e <i>vitrine</i>. Segundo os dicionarios Larousse e CNRTL, a primeira é o que pon en valor os produtos para incitar a súa venda. A segunda é a parte da tenda onde se expoñen os produtos. Polo contido do capítulo, escollemos a palabra <i>devanture</i> pola connotación coa aparencia de algo ou alguén.</p>
Tradución elixida	<p>Devanture. 1. <i>Ouvrage fait de boiserie et de vitrage qui revêt la façade d'une boutique pour mettre son étalage en valeur.</i> 2. <i>En parlant d'une pers. l'aspect extérieur, l'apparence.</i></p>

6.2.2. Problema lexicosemántico exemplificado: ‘me cago en todo!’

Problema lexicosemántico: ‘me cago en todo!’

Fragmento	<p>Exemplo páx. 71: —Me cago en todo!—voceou o policía, sacudindo a perna ata desprenderse da cadela [...].</p>
Técnica	<p>Expresión coloquial, está presente en varios capítulos. En francés, existen posibilidades como <i>nom de Dieu</i> ou <i>mince</i>, pero a continuación Carme reacciona dicindo ‘Ai, meu Deus’ que traducimos como <i>Oh mon Dieu</i>.</p> <p>Para esta expresión, decantámonos por dúas técnicas: substitución (Molina, 2006) e domesticación (Venuti, 1994) para obter un texto máis fluído e familiar para o/a lector/a e non lle lembrar que está a ler unha tradución: <i>Nom d'un chien</i> (sinónimo de Deus neste caso), facendo unha chiscadela á situación cuxo orixe é unha cadela.</p>
Tradución elixida	<p>— Nom d'un chien ! <i>cria le policier en secouant sa jambe jusqu'au moment où il put se libérer de l'animal [...].</i></p>

6.2.3. Problema lexicosemántico e sociocultural exemplificado: ‘Carallo’

Problema lexicosemántico e sociocultural: ‘Carallo’

Fragmento	<p>Exemplo páx. 368: —Carallo, a esa temperatura non fai falta moito tempo. Para que fagas unha idea, os fornos crematorios dos tanatorios traballan a setecentos graos, como moito. E en dúas ou tres horas non queda nada.</p>
	↓

Quen o di	O forense Guzmán Barrio
Contexto	Cando Caldas lle comunica a temperatura dun dos fornos que se usan na Escola Municipal de Artes e Oficios.
Técnica	<p>Para a definición de 'Carallo', acudimos aos dicionarios galegos da RAG e Estraviz.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para a Real Academia Galega (s. d.), este termo pode ser: <ol style="list-style-type: none"> 1. substantivo masculino vulgar: Pene 2. interxección: Emprégase na fala popular para manifestar sorpresa, dor etc. • Para o Estraviz (s. d.): <p><u>S. M.</u></p> <ol style="list-style-type: none"> (1) Membro viril, órgão sexual masculino. = caralha, pixa. (2) Marisco equinoderme (<i>Holothuria forskali</i>). (3) Celenterado também conhecido por pissote (<i>Veretillum cynomorium</i>). (4) Molusco lamelibrânquio mais conhecido por longueirão (<i>Solen vagina</i>). <p><u>INTERJ.</u></p> <p>caralho!: exclamação designativa de admiração, espanto, impaciência, indignação, raiva, surpresa. [lat. *caraculu]</p> <p>Como xa se comentou na análise, Villar acostumaba a escribir en galego e quería manter ese sabor local por ser unha palabra moi recorrente en Galicia.</p> <p>Para traducila, propuxémonos dúas posibles técnicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • o préstamo, é dicir, conservar o termo para preservar a autenticidade da idiosincrasia galega. • a equivalencia seguindo co obxectivo de non distraer a lectura. <p>Decidimos empregar a equivalencia (Molina, 2006) e a domesticación (Venuti, 1994) para facer o texto máis accesible e relevante para os/as lectores/as da cultura de chegada e, así, eliminar elementos que poidan resultar confusos ou desconcertantes.</p> <p>Polo contexto comunicativo, Guzmán Barrio expresa sorpresa e existen varias palabras que así o expresen en francés: <i>Oh là là !, punaise !, waouh !, merde !</i> (vulgar).</p> <p>Escollemos '<i>Punaise !</i>' por ser unha interxección popular que indica a sorpresa, expresada no texto de partida.</p>
Tradución elixida	— <i>Punaise ! À cette température, ce n'est pas très long. Pour te faire une idée, les fours crématoires des funéraires fonctionnent à sept cents degrés, grand maximum. Et en deux ou trois heures, il ne reste plus rien.</i>

6.2.4. Problema lexicosemántico e sociocultural exemplificado: ‘vendima’

Problema lexicosemántico e sociocultural: ‘vendima’

Fragmento	<p>Exemplo páx. 406: Nunha plataforma orientada ao sur, xunta á prensa pneumática cuberta cunha lona ata a seguinte vendima, instalara o pai de Caldas o campamento de observación astronómica.</p>
Técnica	<p>Para traducir ese termo, tivemos en conta que Francia é un país cunha gran cultura do viño e un erro nun termo vitivinícola podería reflectir a ausencia de coñecementos culturais francófonos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1. No dicionario da Real Academia Galega, a verba ‘vendima’ defínese con dúas acepcións: 1. Operación de coller as uvas das videiras. 2. Época do ano na que se realiza esa operación. • 2. No dicionario da Académie française, só existe unha acepción: <i>VENDANGE. n. f. : Récolte de raisins pour faire du vin</i> (labor de colleita para facer viño). Porén, o mesmo dicionario engade que <i>VENDANGES, au pluriel, se dit du Temps où se fait la récolte des raisins</i> (Vendima en plural, dise da época na que se recolleita as uvas). • 3. Ibáñez Rodríguez (2006) insiste na dificultade da tradución dese termo ao francés. <p>As técnicas empregadas son as da adaptación (Molina, 2006) e domesticación (Venuti, 1994), xa que se muda o elemento cultural por outro da cultura meta.</p>
Tradución elixida	<p><i>Sur un terre-plein orienté vers le sud, proche du pressoir pneumatique qui, recouvert d'une bâche, attendait les prochaines vendanges, le père de Caldas avait installé le campement pour l'observation astronomique.</i></p>

6.2.5. Problema de convencións de escritura e sociocultural exemplificado: os antropónimos

Problema de convencións de escritura e sociocultural: os antropónimos

Fragmento	<p>Exemplo páx. 14: Seguía a chover cando Leo Caldas saíu da casa pola mañá. <u>Páx. 15:</u> —Xa estou de volta —anunciou Rafael Estévez. <u>Páx. 22:</u> O doutor Víctor Andrade era un home alto, fraco e case completamente calvo. <u>Páx. 23:</u> —Chámase Mónica —dixo o doutor Andrade cando o comisario lle preguntou polo nome da filla. <u>Páx. 65:</u> —Os que cantan son os paxaros de Andrés o Vaporoso.</p>
------------------	---

	<p><u>Páx. 71:</u> —Ai, meu Deus, Medusa —xemeu á súa vez Carme Freitas detrás do ramo.</p> <p><u>Páx. 79:</u> —Rosalía —dixo, e logo aclarou—. Vive no Lazareto.</p> <p><u>Páx. 220:</u> —Se che apetece podo pedirlle a receita a María, a asistente do meu pai. Borda o caldo.</p>
<p>Técnica</p>	<p>Para a tradución dos NP, tivemos en conta varios aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As regras de acentuación son diferentes en Galicia e en Francia. Na lingua francesa, os acentos non serven para poñer o golpe de voz no termo, senón para modificar a pronuncia da letra 'e'. • A intraducibilidade defendida por Mounin (1955) e Delisle (1993). • A posibilidade de transferir os antropónimos (Moya, 2000). • A bagaxe cultural dun nome propio é un factor importante á hora de traducilo ou non (Ballard, 2001, 2014). <p>Tendo en conta os argumentos anteriormente descritos, decidimos aplicar a estranxeirización (Venuti, 1994), o calco e o préstamo naturalizado. Optamos por este procedemento para manter esa "estranxeza" e defender a estranxeiría como unha práctica disidente e restauradora. Dese modo, lóitase contra a des-historización dos textos e presérvanse as diferenzas culturais.</p>
<p>Tradución elixida</p>	<p><u>Exemplo páx. 14: tradución literal</u> <i>La pluie tombait sans trêve, lorsque ce matin même, Léo Caldas sortit de chez lui.</i></p> <p><u>Páx. 15: préstamo</u> — Je suis de retour, annonce Rafael Estévez.</p> <p><u>Páx. 22: tradución literal</u> <i>Le docteur Victor Andrade était un homme grand, maigre e presque chauve.</i></p> <p><u>Páx. 23: tradución literal</u> — Elle s'appelle Monica, répondit le docteur Andrade lorsque le commissaire lui demanda le prénom de sa fille.</p> <p><u>Páx. 65: tradución literal</u> — Les oiseaux qui chantent appartiennent à André le Vaporeux.</p> <p><u>Páx. 71: tradución literal e préstamo</u> — Oh, mon Dieu, Méduse ! gémit également Carme Freitas derrière son bouquet.</p> <p><u>Páx. 79: tradución literal</u> — Rosalía, dit-elle, puis elle ajouta, elle vit à Lazareto.</p> <p><u>Páx. 220: tradución literal</u> — Si tu veux, je peux demander la recette du caldo à Maria, l'aide ménagère de mon père. Elle le mijote à la perfection.</p>

6.2.6. Problema sociocultural exemplificado: 'ría'

Problema sociocultural: 'ría'	
Fragmento	Exemplo páx. 11: A frota de baixura permaneceu amarrada e varios barcos de gran tonelaxe, sorprendidos en mar aberto pola tempestade, buscaron no interior da ría o abeiro das illas Cíes.
Técnica	Para a tradución dese termo, tivemos en conta o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> • A clasificación dos referentes culturais extralingüísticos que elaboramos partindo da de Nedergaard-Larsen (1993) onde aparece o referente de xeografía. • Unha ría é un accidente xeográfico moi característico e típico de Galicia, exemplificando unha diferenza cultural (Nida, 1945) que presenta un claro problema de tradución. Hurtado (2017) incide na cuestión: "algunos objetos o acontecimientos propios de una cultura pueden no existir en otras; [...]". • Temos a posibilidade de acudir á nota do/a tradutor/a, mais tal e como opinan Toledano (2010) e Valverde (2017) a súa lectura produce distraccións. Tendo en conta o mencionado anteriormente, podemos acudir á nota do/a tradutor/a, pero distrae a lectura, polo que realizamos unha estranxeirización (Venuti, 1994), conservando o termo 'ría', e unha amplificación (Molina, 2006) para que o/a lector/a francófono/a entenda o significado.
Tradución elixida	<i>La flotte des bateaux de pêche côtière demeura amarrée aux ports, et plusieurs navires de grande taille qui naviguaient au large furent surpris par la tempête et cherchèrent l'abri des îles Cíes, à l'intérieur de la ría, ce bras de mer, si caractéristique de la Galice, qui pénètre dans le continent.</i>

6.2.7. Problema sociocultural exemplificado: 'Onda Vigo'

Problema sociocultural: 'Onda Vigo'	
Fragmento	Exemplo páx. 11: Regresou para a cama e prendeu a radio buscando compañía nas voces descoñecidas. Onda Vigo emitía <i>A sentinela</i> , un programa local [...].
Técnica	O/a lector/a español/a ou galego/a, que ademais leu os dos primeiros libros que pertencen á saga, sabe que 'Onda Vigo' é unha radio, ao contrario do/da lector/a francófono/a.

	Por tanto, neste caso preferimos optar pola estranxeirización (Venuti, 1994) e pola amplificación (Molina, 2006): para preservar aspectos da lingua e da cultura do texto orixinal e introducir información implícita no texto orixinal para facilitarmos a comprensión do texto ao/á lector/a francófono/a.
Tradución elixida	<i>Il retourna au lit et alluma la radio en y cherchant la compagnie des voix inconnues. La radio Onda Vigo diffusait A sentinela, un programme local [...].</i>

6.2.8. Problema sociocultural exemplificado: 'batea'

Problema sociocultural: 'batea'

Fragmento	Exemplo páx. 34: Viu as bateas aliñadas no mar, coma unha escuadra disposta a entrar en combate [...].
Técnica	En Galicia, a cultura do mar é distinta a calquera outra parte do mundo e o termo 'batea' o confirma. O Dicionario da RAG defíneo así: "Viveiro que consiste nunha plataforma ancorada no mar da que penden varias cordas, onde se cría o mexillón ou outros moluscos". Non obstante, temos a obriga de ir máis aló, xa que é exclusivo de Galicia. En efecto, está composto dun armazón fabricado con madeira de eucalipto e ten unha forma rectangular. Debaixo, colócanse uns flotadores e unhas cordas onde se fixa o mexillón para o seu crecemento. Pódese atopar un equivalente na Bretaña francesa onde tamén se cultivan mexillóns, porén o sistema non é idéntico (v. <i>Bouchot</i>). Por ese motivo, decidimos usar o procedemento de xeneralización (Molina, 2006) que consiste en traducir un termo por outro máis xeral, e a domesticación (Venuti, 1994) para conseguir que os/as lectores/as da lingua meta comprendan o texto con máis facilidade e rapidez, sen distraerse por elementos estranxeiros ou culturais que poidan dificultar a lectura.
Tradución elixida	<i>Il vit, alignés sur l'eau, les radeaux flottants où sont cultivées les moules, telle une flotte prête à engager le combat [...].</i>

7.

Conclusiones

A tradución ofrece un gran abano de especialidades, pero a literaria é unha das máis dificultosas. Para traducir non só se necesita un amplo coñecemento de sintaxe, gramática ou léxico, senón que existen outros importantes aspectos, intratextuais e extratextuais (Hurtado, 2017: 385), para conseguir que o factor (primordial) comunicativo atine co obxectivo marcado. Así pois, Heilbron e Sapiro (2008) sosteñen que a tradución vai máis aló de ser un proceso lingüístico, sendo tamén un fenómeno social e cultural esencial na percepción das culturas estranxeiras. Neste contexto, Casanova (2001) e Heilbron e Sapiro (2008) destacan a tradución como práctica cultural fundamental para a difusión global da literatura e da cultura contemporáneas, permitindo a circulación de obras literarias nun mundo cada vez máis globalizado. Ademais, consideran as prácticas sociolóxicas da tradución e a súa importancia como medio de intercambio cultural internacional. Destacamos que Casanova (2001) analiza a literatura como campo de poder e mostra como as estruturas literarias globais inflúen na produción literaria dos distintos países e culturas. Segundo a autora, as literaturas centrais son aquelas que teñen unha influencia global e establecen normas e valores literarios. No contexto da tradución literaria dunha obra en galego ao francés, como a que se propuxo neste artigo, salientamos esa última reflexión de Casanova (2001), xa que na tradución literaria os/as tradutores/as teñen a responsabilidade de decidir como adaptar o texto orixinal á cultura de destino.

Polo tanto, a decisión de optar por algunhas das técnicas descritas por Molina (2006) ou Venuti (1994), e adaptalas á nosa proposta de tradución de *O último barco* de Domingo Villar á lingua francesa, pode repercutir na forma en que se percibe a literatura da cultura de orixe. Por unha banda, a domesticación pode ser útil para adaptar o texto orixinal aos valores e convencións da cultura de destino, facilitando a lectura e a comprensión do texto para os/as lectores/as desa cultura. Por outra banda, a estranxeirización busca preservar as diferenzas culturais e conservar a cultura estranxeira no texto traducido. Esta práctica pódese ver como unha forma de resistencia e disidencia cultural que rompe cos códigos da lingua meta e mostra ao/á lector/a que está a ler a tradución dun texto doutra cultura. Con todo, o texto de partida debe manter a súa función comunicativa (Nord, 2012) no proceso de tradución como tentamos amosar neste proxecto.

Por último, a competencia tradutora (Hurtado, 2017) é unha das competencias imprescindibles para alcanzar un texto traducido cuxa calidade pode verse reflectida na (boa) recepción e aceptación do/a lector/a destinatario/a. Indubidablemente, o coñecemento dos contextos lingüísticos, textuais, situacionais e sociohistóricos é importante en igual medida xa que sen el o texto perdería sentido, sexa cal sexa o idioma de partida e/o de chegada (Hurtado, 2017). O/a tradutor/a literario/a debe sempre prestar especial atención á intención do texto de partida, posto que é un elemento fundamental á hora de traducir literatura. A investigación realizada con respecto á tradución desta obra de Villar non só nos permitiu ser conscientes das diferenzas culturais e lingüísticas entre as linguas, senón tamén decidir cal é a mellor opción, dependendo do obxectivo da tradución e do público destinatario sen “infravalorar” a produción literaria dunha lingua “pouco ou nada recoñecida como literaria” (Casanova, 2001).

Agradecementos

Este artigo componse dalgunhas partes do meu traballo de fin de Grao en Tradución e Interpretación titulado *Traducir un éxito literario: propuesta de traducción del español al francés y comentario traductológico de la novela El último barco (2019) de Domingo Villar* e dirixido pola Dra. Elena Sánchez Trigo, a quen agradezo a súa ensinanza que me alentou a seguir cos meus proxectos.

Así mesmo, este estudo representa o froito da motivación, apoio e axuda que me brinda a miña directora de tese de doutoramento, a Dra. Iolanda Galanes Santos, coa que comezo unha nova etapa académica que agardamos sexa moi *Noir*.

Referencias bibliográficas

Académie Française (s.d.). *Dictionnaire de l'Académie française*. <https://dictionnaire-academie.fr/article/A8V0202> (Consultado en 27.09.2023).

Bakkali Hassani, Ouassima (2017). "La traducción de los referentes culturales español-dariya: el caso de Los hombres de Paco y Mis adorables vecinos". *Entreculturas Revista De Traducción Y Comunicación Intercultural*, 9, 201-219. DOI: <https://doi.org/10.24310/Entreculturasertci.vi9.11263>.

Ballard, Michel (2001). *Le nom propre en traduction*. París: Ophrys.

Ballard, Michel (2014). "Epistémologie du nom propre en traduction", *Translationes*, 3(1). DOI: <https://doi.org/10.2478/tran-2014-0045>.

Bassnett, Susan (1999), *Postcolonial Translation. Theory and Practice*. Londres: Routledge.

Bassnett, Susan & Lefevere, André (eds.) (1990). *Translation, History and Culture*. Londres e Nova York: Pinter.

Bodan, Fabienne (s.d.). *Pélerins de Compostelle*. <https://pelerinsdecompostelle.com/> (Consultado en 07.11.2023).

Carbonell, Ovidio (2017). "Lingüística, traducción y cultura", *TRANS: Revista De Traductología*, 1, 143-150. DOI: <https://doi.org/10.24310/TRANS.1996.v0i1.2285>.

Casanova, Pascale (2001). *La república mundial de las Letras*. Barcelona: Anagrama.

Castelao Rodríguez, Alfonso (2021). *Cosas*. Barcelona: Libros del Asteroide S.L.U.

Centre national de ressources textuelles et lexicales (s.d.). <https://www.cnrtl.fr/> (Consultado en 28.09.2023)

De la Casa Laborda, Paola (2013, 25 de marzo). *GIRTRaduvino - Grupo de investigación reconocido sobre la lengua de la vid y el vino y su traducción - prensa*. <https://bit.ly/3wam3ZR> (Consultado en 26.09.2023).

Delisle, Jean (1993). *La Traduction raisonnée. Manuel d'initiation à la traduction professionnelle de l'anglais vers le français*. Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa.

DRAG = González González, Manuel (dir.). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario> (Consultado en 22.05.2023).

Éditions Larousse (s.d.). *Dictionnaire de français*. <https://bit.ly/3w4LSMM>. (Consultado en 28.05.2023).

Estraviz, Isaac (dir.). *Dicionário Estraviz*. <https://estraviz.org/> (Consultado en 11/05/2023) .

Galanes Santos, Iolanda (2023). "Domingo villar: traducción e impacto", *TRANSFER*, 18, 1-23. DOI: <https://doi.org/10.1344/transfer.2023.18.40574>.

Heilbron, Johan & Sapiro, Gisèle (2008). "La traduction comme vecteur des échanges culturels internationaux". En Sapiro, Gisèle (dir.), *Translatio. Le marché de la traduction en France à l'heure de la mondialisation*, 25-44). París: CNRS Éditions.

Hurtado Albir, Amparo (2017) [2001]. *Traducción y traductología, Introducción a la traductología*. Madrid: Ediciones Cátedra.

Ibáñez Rodríguez, Miguel (2006). "Aproximación al estudio del lenguaje de la vid y el vino en el ámbito francés y español". En Ibáñez Rodríguez, Miguel & Sánchez Nieto, María Teresa (coords.), *El lenguaje de la vid y el vino y su traducción*, 101-115. Valladolid: Universidad de Valladolid.

La France Pittoresque (1999-2023). "Citations / Locutions Latines". <https://www.france-pittoresque.com/spip.php?rubrique932> (Consultado en 09.11.2023).

Lema, Carlos (2019). "A novela democrática sobre *O último barco*, de Domingo Villar", *Grial: revista galega de cultura*, 221, 82-85.

Lorés-Sanz, Rosa (1992). *An Assessment of the Translation into Spanish of Cultural Terms*. Tese de Mestrado. University of Salford.

Mallo, Ernesto (ed.) (2016). *Madrid negro*. Madrid: Ediciones Siruela.

Molina Martínez, Lucía (2006). *El otoño del pingüino: análisis descriptivo de la traducción de los culturemas*. Castelló: Publicacions de la Universitat Jaume I.

Mounin, Georges (1955). *Les Belles Infidèles*. París: Cahiers du Sud.

Moya Jiménez, Virgilio (2000). *La traducción de los nombres propios*. Madrid: Cátedra.

Nedergaard-Larsen, Birgit (1993). "Culture-bound problems in subtitling", *Perspectives: Studies in Translatology* 1(2), 207-240.

Newmark, Peter (1988). *A Textbook of Translation*. Londres: Prentice-Hall.

Nida, Eugene & Taber, Charles (1969): *La traducción: teoría y práctica*. Madrid: Cristiandad.

Nida, Eugene (1975) [1945]. "Linguistics and Ethnology in Translation Problems". En Nida, E. (ed.), *Exploring Semantic Structures*. Leiden: Wilhelm Fink Verlag.

Nord, Christiane (1997). *Translating as a purposeful activity. Functionalist approaches explained*. Manchester: St. Jerome.

Nord, Christiane (2002). "Los nombres propios en la comunicación intercultural". En Comité Narváez, I. & Martín Cinto, M. (eds.). *Traducción y Cultura. El Reto de la Transferencia Cultural*, 15-38. Málaga: Libros ENCASA.

Nord, Christiane (2009). "El funcionalismo en la enseñanza de traducción", *Mutatis Mutandis. Revista Latinoamericana De Traducción*, 2(2), 209-243. DOI: <https://doi.org/10.17533/udea.mut.2397>.

Nord, Christiane (2012). *Texto base – texto meta: un modelo funcional de análisis pretraslativo*. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.

Núñez Sabarís, Xaquín (2020). *Cartografías da narrativa galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.

Office des publications de l'Union Européenne (2022). *Code de rédaction interinstitutionnel*. Disponible en <https://data.europa.eu/doi/10.2830/445722> (Consultado en 07.11.2023).

Pedersen, Jan (2011). *Subtitling Norms for Television: An Exploration Focussing on Extralinguistic Cultural References*. Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.

Rey, Alain (2016). *Le Petit Robert des noms propres*. Paris: Le Robert.

Rivero Grandoso, Javier (2011). "Crímenes y humor en las novelas de Domingo Villar", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 14, 109-116. DOI: http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2011.v14.11.

Schwarz, Barbara (2003). "Translation in a Confined Space", *Translation Journal*, 6(4). Disponible en <https://translationjournal.net/journal/22subtitles.htm> (Consultado en 02.10.2023).

Snell-Hornby, Mary (1990). "Linguistic transcoding or cultural transfer? A critique of translation theory in Germany". En Bassnett, Susan & Lefevere, André (eds.), *Translation, history and culture*, 82. Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.

Toledano Buendía, Carmen (2010). "¿Qué hay tras las notas del traductor?". En Rabadán Rosa, Guzmán, Trinidad & Fernández, Marisa (eds.). *Lengua, traducción, recepción. En honor de Julio César Santoyo*, 637-662. León: Universidad de León.

Torre Serrano, Esteban (1994). *Teoría de la traducción literaria*. Madrid: Síntesis.

Tymoczko, Maria & Gentzler, Edwin (2002). *Translation and Power*. Amherst: University of Massachusetts Press.

Valverde Jara, Xinia (2017). "Las notas al pie en la traducción de Fifty Shades", *LETRAS*, 61, 181-202. DOI: <https://doi.org/10.15359/rl.1-61.7>.

Venuti, Lawrence (1994). *The Translator's Invisibility: A History of Translation*. Londres: Routledge. DOI: <https://doi.org/10.4324/9780203360064>.

Villar, Domingo (2006). *Ollos de auga*. Vigo: Galaxia.

Villar, Domingo (2009). *A praia dos afogados*. Vigo: Galaxia.

Villar, Domingo (2011). *La plage des noyés*. París: Liana Levi.

Villar, Domingo (2019). *O último barco*. Vigo: Galaxia.

Villar, Domingo (Prólogo de Inma López Silva) (2023). *Síbaris*. Vigo: Galaxia.

Xunta de Galicia (s.d.). *Le Chemin en profondeur*. <https://www.caminodesantiago.gal/fr/decouvrez/le-chemin-dans-lactualite/le-chemin-en-profondeur> (Consultado en 07.11.2023).



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda